

# BOLETÍN INFORMATIVO

Unidade de Igualdade

*Nº 41 - Maio de 2020*

---

## CONTIDO

<b>CONTIDO</b> .....	1
<b>CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS</b> .....	1
CURSOS .....	1
CONVOCATORIAS .....	1
CONGRESOS .....	4
<b>RECURSOS SOBRE A COVID-19</b> .....	5
<b>AXENDA</b> .....	6
<b>NOVAS DO DUVI</b> .....	7
<b>NOVAS ADQUISICIÓN S BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (MARZO DE 2020)</b> .....	8

Contacto: [igualdade@uvigo.es](mailto:igualdade@uvigo.es)

## CURSOS, CONVOCATORIAS E CONGRESOS

---

### CURSOS

#### **Itinerario formativo virtual de xénero da Universidade Vigo [+Info](#)**

Esta iniciativa, que ten como finalidade satisfacer as necesidades de formación en xénero da comunidade universitaria foi desenvolvida pola Unidade de Igualdade e a Área de Formación e Innovación Educativa da Universidade de Vigo, co apoio financeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

#### **Escola Virtual de Igualdade [+Info](#)**

O Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades leva a cabo o programa formativo Escola Virtual de Igualdade, en cumprimento dos seus fins institucionais para promover a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a través de accións de sensibilización e de formación en igualdade. O período de inscrición permanecerá aberto ata setembro de 2020 ou ata que se esgoten as prazas.

#### **Feminicidio.net [+Info](#)**

Continúa aberto o prazo de inscrición nos diversos cursos ofertados.

#### **ONU Mulleres Centro de Capacitación [+Info](#)**

Cursos dispoñibles todo o ano en diferentes modalidades: autoaprendizaxe, moderado, semipresencial, presencial e personalizado.

#### **Foro de homes pola igualdade. Diálogos virtuais, os martes 22.00 h [+Info](#)**

Masculinidades en tempos do coronavirus (Tatiana Moura e Ritxar Bacete)  
Violencia de xénero e machismo (Miguel Llorente e Jose Angel Lozoya)  
Educar para a igualdade de nenos mozos (Marian Moreno e Erick Pescador)

### CONVOCATORIAS

#### **Convocatoria da primeira edición dos Premios Valedora do Pobo aos mellores traballos fin de grao (TFG) e traballos fin de máster (TFM) en materia de igualdade e dereitos das mulleres [+Info](#)**

As solicitudes presentaranse ata o 5 de outubro de 2020. As persoas interesadas poderán consultar as bases da convocatoria no dito boletín e na páxina web da Valedoría do Pobo e das universidades galegas.

#### **Convocatoria fondo Supera COVID-19. CRUE, CSIC e Banco Santander [+Info](#)**

Financiamento de programas, proxectos colaborativos e medidas de apoio ao ámbito universitario para minimizar o impacto da crise provocada polo coronavirus nos ámbitos sanitario, educativo e social. No punto 2.2.2. da convocatoria inclúense os «Estudos e proxectos de investigación con perspectiva de xénero sobre o impacto económico-social da crise».

#### **Igualdade de xénero na educación superior, a innovación e a investigación. [+Info](#)**

A revista Investigacións Feministas realiza unha chamada para a coordinación do seu seguinte número monográfico (vol. 13, nº 2, 2021) sobre a temática: igualdade de xénero na educación superior, a innovación e a investigación.

Acéptanse propostas de monográficos ata o vindeiro 10 de maio de 2020.

#### **Convocatoria para bolsas parciais para a Especialización en violencia de xénero, participación e políticas públicas [+Info](#)**

A Comisión Interamericana de Mulleres (CIM) da Organización dos Estados Americanos (OEA) outorgará 10 bolsas para cursar a «Especialización en violencia de xénero, participación e políticas públicas»

que realiza a Asociación Civil Comunicación para a Igualdade de Arxentina en formato virtual. As inscricións deben enviarse a [cim@oas.org](mailto:cim@oas.org) ata o venres 15 de maio de 2020.

### III Convocatoria Premios WONNOW de CaixaBank e Microsoft Ibérica [+Info](#)

Premios destinados a estudantes universitarias de carreiras con menor presenza feminina nas áreas de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. O galardón ten como fin promover, pór en valor e estimular a excelencia, tanto académica como persoal, das estudantes universitarias das áreas antes mencionadas e darlle visibilidade social ao esforzo, tesón e capacidade feminina nestes campos. O prazo de presentación remata o 14 de xuño de 2020.

### X Convocatoria Premio AEIHM a teses doutorais 2020 [+Info](#)

Co obxecto de promocionar os estudos históricos sobre as mulleres, a Asociación Española de Investigación de Historia das Mulleres (AEIHM) convoca o Premio AEIHM a teses doutorais relacionadas coa historia das mulleres e/ou das relacións de xénero. O prazo de presentación de traballos finaliza o 31 de maio de 2020.

### Máster en xénero e comunicación. [+Info](#)

O Máster en xénero e comunicación é un posgraio de investigación, cuxa convocatoria é de carácter internacional. Ten como obxecto de estudo os patróns culturais que sosteñen as asimetrías de poder entre os xéneros e que se configuran e reproducen en procesos de significación e representación do xénero en diversos ámbitos. Inscrición en liña e presentación de solicitudes do 21 de maio ao 12 de xuño de 2020.

### Axudas para a organización de congresos e seminarios do IUIEG [+Info](#)

O IUIEG convoca axudas para financiar parcialmente a organización de congresos, seminarios e outro tipo de actividades científicas no ámbito dos estudos de xénero. O prazo de presentación da segunda

convocatoria finaliza o 15 de xuño de 2020.

### Axudas, subvencións e indemnizacións para mulleres vítimas de violencia de xénero e promoción da igualdade da Xunta de Galicia 2020

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [+Info](#)

Axudas de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [+Info](#)

Axuda para a atención integral de persoas en situación de explotación sexual ou vítimas de trata. [+Info](#)

Indemnización económica para fillas e fillos menores de 30 anos de vítimas mortais por violencia de xénero e mulleres gravemente feridas. [+Info](#)

Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade. [+Info](#)

### Convocatoria CRUE, CSIC e Santander. Fondo Supera COVID-19. [+Info](#)

É unha iniciativa da CRUE, CSIC e Banco Santander con 8,5 millóns de euros dirixido a financiar programas, proxectos colaborativos e medidas de apoio ao ámbito universitario para minimizar o impacto da crise provocada polo coronavirus nos ámbitos sanitario, educativo e social. O prazo para a presentación de propostas comeza o 22 de abril e manterase aberto ata acabar os fondos ou, como máximo, ata o 18 de decembro de 2020.

### Call for papers para a revista Asparkía. Investigación feminista: «Miscelánea en estudos de xénero e feministas». [+Info](#)

Asparkía Investigación feminista é unha revista publicada semestralmente polo Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero. Prazo de envío do 20 de abril ao 30 de xuño de 2020.

**Convocatoria do concurso #Diarios TIC  
para coñecer o uso das TIC entre a  
rapazada. Atlantic. Universidade de  
Vigo.[+Info](#)**

Actividade para celebrar o 23 de abril, Día  
Internacional das Nenas nas TIC.

## CONGRESOS

### **XXIV Congreso Internacional: «Quen teme a Virginia Woolf? A indignación das mulleres en tempos de manadas» [+Info](#)**

Organiza o Instituto Universitario de Estudos Feministas e de Xénero Purificación Escribano.

Con motivo do estado de alarma decretado a raíz da COVID-19 todo o congreso será en liña do 23 de abril ao 7 de maio de 2020.

### **Quinta edición de Informática para tod@s (IPT) [+Info](#)**

Este evento promove a participación das mulleres no sector tecnolóxico. Celebrarase en Valencia en xuño de 2020.

### **VIII Congreso Universitario Internacional Investigación e Xénero [+Info](#)**

Organizado polo Seminario Interdisciplinario de Estudos das Mulleres da Universidad de Sevilla (SIEMUS). Por mor da situación ocasionada pola incidencia da COVID-19, o congreso previsto para o 25 e 26 de xuño de 2020 queda postergado ata xuño de 2021.

### **The 11th European Conference on Gender Equality in Higher Education (GEHE) [+Info](#)**

Debido á actual emerxencia sanitaria mundial, a undécima Conferencia GEHE prevista para o 16-18 de setembro de 2020 en Madrid, organizada polo Ministerio de Ciencia e Innovación e a UPM posporase para o 15 -17 de setembro de 2021.

---

## RECURSOS SOBRE A COVID-19

---

### A perspectiva de xénero nas investigacións sobre a COVID-19. [+Info](#)

Neste momento histórico que está a atravesar toda a humanidade debido á pandemia orixinada polo coronavirus, é imprescindible incluír a perspectiva de xénero cando tratamos a pandemia e o mundo pospandémico nos estudos científicos relacionados co impacto da COVID-19 na nosa sociedade.

### Aviso da Concellería de Igualdade de Vigo: [+Info](#)

Nas páxinas webs do Concello, na web da Concellería de Igualdade ([www.igualdadevigo.org](http://www.igualdadevigo.org)), nas redes sociais IgualdadeVigo, infórmase de que o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller sigue operativo as 24 horas a través do teléfono 986 293 963 ou do correo electrónico [info.muller@vigo.org](mailto:info.muller@vigo.org) no que as mulleres vítimas de violencia de xénero están a recibir asesoramento xurídico, apoio social (trámites de axudas económicas, "canguros"...), e atención psicolóxica ademais da xestión dun recurso alternativo de acollemento en caso necesario.

### Radiando Igualdad en casa. [+Info.](#)

A Radio da Universidad de Sevilla, RadiUS, é unha iniciativa na que, de luns a venres, se realizan entrevistas a diferentes persoas que traballan para construír unha sociedade máis saudable, xusta, sustentable e igualitaria. Na actual crise que estamos a atravesar, esta iniciativa adáptase á situación de confinamento e ofrece IRadiando Igualdad en casa.

### Guía de actuación para mulleres que estean sufrindo violencia de xénero en situación de permanencia domiciliar derivada do estado de alarma pola COVID-19 [+Info](#)

A violencia de xénero non é un problema privado, é unha violación de dereitos humanos que incumbe a toda a sociedade, especialmente aos poderes públicos. Por iso, nesta situación de estado de alarma, coas dificultades que engade o illamento nos fogares e o peche de moitos servizos, desde o Ministerio de Igualdade queremos informar a todas as mulleres que poidan estar sufrindo violencia de xénero das accións de prevención e das resposta que seguen en marcha, especialmente se se trata de situacións de emerxencia.

### Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos. [+Info](#)

Rúa Oliva, 12. 36202 Vigo. Teléfono: 986 222 328. Teléfono de Atención ás Vítimas: 606 929 137. Grupo de mulleres veciñais de Vigo cuxa actividade principal consiste en prestarlles atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de separación e de ruptura coas situacións derivadas dos malos tratos. Actuacións xenéricas de apoio ás vítimas dos malos tratos: denuncia da violencia; escritos e publicacións en prensa; presenza na rúa, en xuízos, en xornadas e actos públicos. Actuacións nos casos de xuízos; entregas e recollidas de fillas e fillos; acompañamento en hospitais ou ante a policía; acompañamento nos casos derivados polo Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller; derivación ao servizo pertinente dos casos que requiran axudas de carácter técnico e/ou profesional.

## AXENDA

---

Mes de maio:

Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	<b>23</b>	24
<b>25</b>	26	27	<b>28</b>	29	30	31

**25 de maio 2020:** Día Internacional das Mulleres pola Paz e o Desarme

**28 de maio 2020:** Día Internacional da Acción pola Saúde das Mulleres

---

## NOVAS DO DUVI

---

**Día Internacional das Nenas nas TIC [+Info](#)**

**A asociación académica de referencia internacional en recursos hídricos premia á profesora Laura Movilla [+Info](#)**

**Unha tese constata a “difusa protección” fronte ao plaxio publicitario da lexislación española [+Info](#)**

**Arrancan os cursos en liña de Igualdade con preto de 1300 persoas matriculadas [+Info](#)**



## NOVAS ADQUISICIÓNS BIBLIOGRÁFICAS UVIGO (Marzo de 2020)

---

### Campus de Pontevedra

- 100 mujeres que cambiaron el mundo. Elmert, Sandra, Barcelona RBA, [2018] Campus Pontevedra. BCP
- BCP 5:37
- Jane. Miranda, Itziar, 1978-[Zaragoza] : Edelvives, [2016] BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 MIRA,I
- Marieta. Miranda, Itziar, 1978-[Zaragoza] : Edelvives, [2015] BUV Bca Campus Pontevedra.BCP 82-93 MIRA,I.
- Mujeres. 4. Ruiz, Isabel, 1977-[Madrid] : Ilustropos, 2018. BUV Bca Campus Pontevedra.BCP 929 RUIZ,I
- Mujeres. 5.Ruiz, Isabel, 1977-[Madrid] : Ilustropos, 2019.BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 929 RUIZ,I
- ¿Las Princesas usan botas de montaña?.Coyle, Carmela LaVigna. Barcelona : Picarona, 2013
- BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 COYL,C
- ¡Soy una niña!.Ismail, Yasmeen. Sant Joan Despí (Barcelona) : Corimbo, 2016.BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 ISMA,Y
- Yo, Jane. McDonnell, Patrick 1956-México, D.F. : Océano Travesía, 2015.BUV Bca Campus Pontevedra BCP 82-93 MCDO,P
- Wangari Maathai : la mujer que plantó millones de árboles.Prévoit, Franck, 1968-Barcelona : Blume, 2017BUV Bca Campus Pontevedra.BCP 82-93 PREV,F
- Olivia y las plumas.Isern, Susanna.Altea (Alicante) : Savanna Books, [2019]BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 ISER,S
- Pequeña en la jungla.Altés, Marta, 1982- autor, ilustrador.Barcelona : Blackie Books, S.L.U., 2017.BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 82-93 ALTE,M

### Biblioteca Torrecedeira

- Guía de comunicación inclusiva : principios de actuación para unha comunicación en clave de

igualdad[Pontevedra] : Deputación de Pontevedra, [2017]BUV Torrecedeira.TOR 800 GUI com

### Artigos de revistas/ Capítulos de libro

- CAPITULO LIBRO. Las políticas y acciones positivas de igualdad de género en la docencia de Derecho Constitucional. García Gestoso, Noemí.2012
- CAPÍTULO LIBRO. Transculturalidad y órdenes sociosexuales en América.Gómez Suárez, Águeda.2017
- CAPITULO LIBRO. Antes de que Eva comiera la manzana : la imagen de "Cavewoman" en la cultura popular contemporánea. Comendador Rey, Beatriz.2019
- CAPITULO LIBRO. Feminismo y cambio social en la España de la Transición a la Democracia.Álvarez Gómez, Concepción.2019
- ARTIGO REVISTA. El arte sí tiene sexo.Caldas, Mar, 1964-2019
- ARTIGO REVISTA. El género en combate: Las Estrategias del Cuerpo en las Primeras actuaciones de Valie Export.Tejo, Carlos, 1966-2019
- ARTIGO REVISTA. Experiencias adversas de la infancia entre las mujeres latinas y su asociación con el dominio del estrés y la curación de.Álvarez, Carmen.2019
- ARTIGO REVISTA. “Ellas nos llevaron a la luna”, Lorenzo, N. Calvo, E. (2020): en *Ciencia , técnica y mainstreaming social*, Nº4, abril 2020. Universidad Politécnica de Valencia, CITECMA. <https://polipapers.upv.es/index.php/citecma/article/view/12764/12469>

### Libros electrónicos

- Sex and gender in Cervantes : essays in honor of Adrienne Laskier Martín = Sexo y género en Cervante.Kassel : Edition Reichenberger, 2019.BUV Filología/Traducción FFT 860.09 SEX and
- Gender(ed) identities : critical rereadings of gender in children's and young adult literature. London: Routledge, 2019.BUV Filología/Traducción.FFT 82-93 GEN ide
- Physical performance characteristics between male and female youth surfing athletes.Silva, Bruno.2019
- Género y liderazgo en cargos de gestión y dirección = Gender and leadership in management positions.Castro, María Dolores.2019
- Diferencias de género en los síntomas de estrés en estudiantes del Grado de Fisioterapia = Gender di. González González, Yoana.2019

- Gender Approaches in the Translation Classroom. Cham : Springer International Publishing, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 82.03 GEN app
- The Routledge handbook of Spanish translation studies. New York, NY : Routledge, [2019] BUV Filoloxía/Traducción FFT 82.03 ROU han
- Violencia escolar : diferencias de género en estudiantes de secundaria = School violence : gender di. Domínguez Alonso, José. 2019
- A ideoloxía no Dicionario da Real Academia Galega (DRAG) = Ideology in the Dicionario da Real Academ Rodríguez Barcia, Susana, 1977-. 2019
- .IVRA : romanas, visigodas y bizantinas : una experiencia de innovación docente en clave de género Bravo Bosch, María José. 2019
- The gender imperative : human security vs state security. Milton Park, Abingdon, Oxon : Routledge, [2019] book jacket
- Gendered Career Choices : Paths Toward Studying a Degree in Physical Activity and Sport Science Serra, Pedrona. 2019
- Actitudes de alumnado preadolescente ante la seguridad digital : un análisis desde la perspectiva de Alonso Ferreiro, Almudena. 2019
- Cortos de animación en la red para todos los públicos y género : temáticas y roles de siempre contad López González, Rebeca Cristina. 2019
- Psycho-social profile of battered women in Galicia, Spain : distress as a result of intimate partner Mondolfi Miguel, María Luisa. 2019
- The deconstruction of employment as a political question : "Employment" as a floating signifier. Cham, Switzerland : Springer Science and Business Media : Palgrave Macmillan, [2019] BUV Central CEN 331 DEC ofe
- The Routledge handbook of audiovisual translation. Milton Park, Abingdon, Oxon ; New York, NY : Routledge Taylor and Francis Group, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 82.03 ROU han
- Sex and gender in Cervantes : essays in honor of Adrienne Laskier Martín = Sexo y género en Cervante
- Kassel : Edition Reichenberger, 2019 BUV Filoloxía/Traducción FFT 860.09 SEX and
- Routledge handbook of gender and environment. Abingdon, Oxon ; New York, NY : Routledge, 2019. BUV Bca Campus Pontevedra. BCP 305 rou
- Gender(ed) identities : critical rereadings of gender in children's and young adult literature. London: Routledge, 2019. BUV Filoloxía/Traducción. FFT 82-93 GEN ide
- Educación física y diversidad : una cuestión de género = Physical education and diversity : a gender

- Fernández Villarino, María Ángeles.2019
- Gender imbalance in housework allocation : a question of time?Álvarez García, Begoña.2019
- Development and validation of an adolescent gender-based violence scale (ESVIGA) = Desarrollo y vali.Penado Abilleira, María.2018
- Societies with multiple genders : reflections from ethnography.Gómez Suárez, Águeda.2018
- Social welfare losses due to occupational segregation by gender and race-ethnicity in the U.S. : Are.Río Otero, Coral del.2018
- Assessment of the basic psychological needs in physical education according to age, gender and educa.Navarro Patón, Rubén. 2018
- Predicting playing status in professional water polo players : Analysis by gender.Vila Suárez, Helena.2018
- Estereotipos de género en educación física, una revisión centrada en el alumnado = Gender stereotype. Alvariñas Villaverde, Myriam.2018
- What public-service agents think interpreters should know to work with gender violence victims : the.Pozo Triviño, María Isabel del.2018
- Segregation and social welfare : a methodological proposal with and applications to the U.S.Río Otero, Coral del.2018
- Immigrant women in situations of gender violence : towards improving communication with public servi.Pozo Triviño, María Isabel del.2018
- Development and validation of an adolescent gender-based violence scale (ESVIGA) = Desarrollo y vali.Penado Abilleira, María.2018

### Springer Cortesía COVID-19 406 títulos

- Handbook of LGBT Elders : An Interdisciplinary Approach to Principles, Practices, and Policies Cham : Springer International Publishing : Imprint: Springer, 2016.
- Handbook of the Sociology of Gender.New York, NY : Springer US : Imprint: Springer, 2006.

### Biblioteca da Universidade de Vigo. Guía de recursos sobre a COVID-19 con perspectiva de xénero

- <https://www.uvigo.gal/es/universidad/biblioteca/servicios-bibliotecarios>
- <http://sp.bugalicia.org/vig/subjects/guide.php?subject=recursosobreocovid-19>